

## Facultade de Filoloxía e Tradución Universidade de Vigo

**Acta de sesión ordinaria da Comisión  
de Normalización e Dinamización  
Lingüística  
28 de setembro de 2016**

**Asistentes:****Presidencia**

Beatriz M<sup>a</sup> Rodríguez  
Rodríguez

**Membros da CNDL****PDI**

Xosé Antonio Fernández  
Salgado

Xavier Gómez Guinovart

**Alumnado**

Iván García Fuentes

**Desculpan (PDI)**

Ana Bringas López  
Nuria Yañez Bouza

**Non asisten**

Manuel Fernández Cruz  
(Sector PAS)

**Acta da sesión ordinaria da Comisión de Normalización e Dinamización Lingüística da Facultade de Filoloxía e Tradución, celebrada o día 28 de setembro de 2016 na Sala de Xuntas da Facultade**

Ábrese a sesión ás 10:10h

**ORDE DO DÍA****1. Aprobación, se procede, da acta anterior.**

Apróbase por asentimento.

**2. Informe da Coordinadora de Calidade.**

A coordinadora desculpa non ter convocado antes á comisión para planificar as actividades do curso.

**2. Proposta de actividades.**

Xavier Gómez Guinovart intervéen en nome de Ana Brigas (desculpa asistencia) para informar da conferencia “Lingua e xénero” impartida pola profesora da Universidade da Coruña Goretti Sanmartin. A conferencia recibiu apoio económico e terá lugar o día 26 de outubro. Acéptase a actividade.

Xavier Gómez Guinovart propón unha actividade de dinamización. Trátase dun Obradoiro de improvisación oral en verso. Incluiría un obradoiro de regueifas e rap seguido por unha actuación e un concurso de regueifas (esta última actividade tería lugar no segundo cuatrimestre). A asociación ORAL encargaríase do evento. Haberá un premio en metálico para os tres mellores (a cargo da Área de Normalización Lingüística) e un agasallo para todos os participantes. Acéptase a actividade. A Comisión delega no profesor Xosé Antonio Fernández Salgado a comunicación co profesorado do Departamento de Galego para que sexa unha actividade de clase e asegurar a asistencia do alumnado. Informárase á Comisión das datas e horas.

Iván García Fuentes intervéen para suxerir unha actividade de debate relativa ao galego normativo e o reintegracionista debido ao interese no tema do alumnado de Tradución e Interpretación pola problemática que plantexa nas súas clases. Acéptase a iniciativa e pídesse que a concrete e informe.

**3. Rolda aberta de intervencións.**

Non hai máis intervencións.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 10: 55 h.

Vigo, 28 de setembro de 2016

Visto e prace da Presidenta  
da Comisión (Vicedecana de  
Calidade)

Beatriz M<sup>a</sup> Rodríguez  
Rodríguez

DILIXENCIA para facer constar que esta acta foi aprobada,  
sen alegacións, na reunión ordinaria da Comisión de Normalización  
e Dinamización Lingüística celebrada o día 3 de febreiro de  
2017.

A Vicedecana de Calidade da Facultade de Filoloxía e Tradución

Susana Rodríguez Barcia